


3



## Ollos abertos

### Os reis da antigüidade

A maioría dos pobos da antigüidade eran gobernados por reis. Estes tiñan un gran poder e realizaban unha función moi importante.



No exercicio das funcións do rei hai que escribir na columna da dereita unha destas catro palabras que aparecen nestes círculos.

#### ■ Funcións do rei

| O Rei, coa axuda dos seus numerosos colaboradores...             | Por iso era |
|--|-------------|
| Dirixía o exército nas batallas e obedecíanlo todos os soldados. |             |
| Daba leis e normas que todos debían cumprir.                     |             |
| Nos conflitos decidía quen era inocente e quen culpable.         |             |
| Obrigaba a cumprir as leis e castigaba aos que non o facían.     |             |



## Mirada penetrante

### Bos e malos reis

Moitos reis eran moi bos e comportábanse ben cos seus súbditos, pero outros abusaban do seu poder e aproveitábanse da xente ou maltratábanla.


#### ■ Os malos reis



| Os reis  | Por iso eran |
|--|--------------|
| Non lles importaba o ben do pobo. Só se preocupaban de vivir eles con toda clase de luxos.     |              |
| Obrigaban a facer todo o que se lles antollaba, aínda que fosen cousas inxustas.               |              |
| Críanse superiores e esixían ser adorados como deuses.   |              |
| Obrigaban aos seus súbditos a traballar para eles coma escravos, a pagarlles grandes tributos. |              |

► Escribe na columna da dereita unha das catro palabras que aparecen no gráfico, a que corresponda.

### ■ Os bos reis



- Os dereitos de todos e trataban á xente con cariño.
- Ao pobo cando era atacado.
- Que todos tivesen o necesario para vivir.
- Leis xustas para que houbera paz, benestar e progreso.

► Une con frechas as palabras da esquerda coas frases correspondentes da dereita.



## Oídos atentos

### Os reis de Israel

O pobo de Israel ao longo da súa historia tivo tamén dirixentes que, en nome de Deus, lle axudaban e o orientaban no seu camiño.

#### ■ 1 ■ Queremos un rei

O pobo de Israel foi medrando e quixo ter un rei coma os demais pobos.  
O Señor concedeullo:



- O pobo díxolle a Samuel:

-Queremos un rei.

Samuel escoitou o que o pobo pedía e referiullo ao Señor. O Señor díxolle:

-Atende a súa demanda e noméalles un rei. (1 Sm 8,19.22)

#### ■ 2 ■ David como rei

Deus elixiu a David como rei de Israel e fíxoo grande e poderoso:



- Atopei a David e consagreino. O meu amor e a miña lealdade sempre estarán con el... Eu farei del... o máis excelso dos reis da terra. (Sal 89,21-23.25.28-30)

### ■ 3 ■ David, un bo rei

David foi o rei máis importante de Israel. Sempre recoñeceu que Deus era o verdadeiro e auténtico rei de Israel. El só era o seu representante para guiar ao pobo.

1.



- David... cantaba diante de Deus... con cítaras e arpas. (2 Sm 6,5)
- Quero loarte, Señor, diante dos pobos... porque me quixeches a min e aos meus descendentes para sempre. (2 Sm 22,50-51)

2.



(Dixo David):

- Eu estou instalado nunha casa de cedro mentres a arca do Señor habita nunha tenda. (2 Sm 7,2)
- O templo que se tén que edificar para o Señor debe ser grandioso... Así que farei eu os preparativos. (1 Cr 22,5)

3.



A David remordeulle a conciencia e dixo ao Señor:

- Cometín un grave pecado. Agora, Señor, perdoa a iniquidade do teu servo, porque fixen unha loucura. (2 Sm 24,10)

► ¿Que admiras máis no comportamento de David?

### ■ 4 ■ Mal comportamento dalgúns reis

Algúns reis que sucederon a David fixéronse soberbios e abusaron do seu poder. Esqueceron ao Señor o seu Deus e non o obedeceron. Os profetas bótanlles na cara o seu mal comportamento:



- Os teus xefes volvéronse rebeldes... e corren detrás dos regalos. (Is 1,23)
- Non fan xustiza, non respectan o dereito dos orfos, nin ditan sentenza en favor dos pobres. (Xer 5,27-28)
- Fixo o que desagrada ao Señor, imitando os malos costumes doutros pobos... levantando altares aos deuses falsos... Extraviou o pobo e moveuno a portarse mal. (2 Cr 33,2-3.9)



## Memoria esperta

### David, o gran rei de Israel

A Igrexa sempre viu en David ao grande rei de Israel. Invítanos a recoñecer o que fixo para guiar ao seu pobo en nome de Deus.

- ¿Quen eran os reis?
- ¿Quen foi o rei máis importante de Israel?
- ¿Como se comportaron os reis que seguiron a David?



## Ser bos súbditos

David, antes de ser rei, estivo ao servizo do rei Xaúl. El foi un bo rei pero tamén un bo súbdito.

### ■ David, un bo súbdito

1.



■ Cando o mal espírito lle viña a Xaúl, David tocaba a arpa. Xaúl sentía melloría. (1 Sm 16,21.23)

2.



■ David díxolle a Xaúl:  
- Ninguén se afixa por ese. O teu servo irá loitar contra ese filisteo... O Señor... hame librar das súas mans. (1 Sm 17,32.37)

3.



■ David díxolle a Xaúl:  
- O Señor púxote hoxe nas miñas mans pero eu non quixen atender contra ti, porque es o rei, o Unxido do Señor. (1 Sm 26,23-24)

4.



■ David rachou o seu manto... e fixo dó, chorando e xaxuando pola morte de Xaúl. (2 Sm 1,11-12)



▶ ¿Que admiras máis do comportamento de David?

▶ ¿En que podemos imitalo?

### ■ Nós

Nós tamén temos superiores, dirixentes ou autoridades, persoas que teñen a misión de guiarnos, de aconsellarnos, de corrirnos para o noso ben.

|            | ¿Que fan por nós? | A nosa actitude ante eles... |
|------------|-------------------|------------------------------|
| Policías   |                   |                              |
| Xuíces     |                   |                              |
| Pais       |                   |                              |
| Profesores |                   |                              |
| Sacerdotes |                   |                              |